

Programación da Escola Municipal de Música de Santiago Curso 2016-17

1.- FESTIVAL DE NADAL

MÉRCORES 14 DE DECEMBRO ÁS 19H NO TEATRO PRINCIPAL

O mércores 14 de decembro ás 19 h., o Teatro Principal acollerá o Festival de Nadal 2016 que tradicionalmente organiza a Escola Municipal de Música, iniciativa que vén a sumarse a ampla programación cultural e educativa da nosa cidade nestas datas. Un Festival das agrupacións e colectivos da EMM, no que se dá a coñecer o traballo desenvolvido ao longo destes meses, no que poderemos comprobar o traballo da **Orquestra de Corda**, composta por 15 músicos, a **Bandiña**, con 27 compoñentes, a **Banda** con 40 músicos, os **Coros infantís** con máis de 60 compoñentes e unha **Agrupación de frautas, guitarras e percusión**, acompañados do profesorado da EMM e das familias que desexen asistir.

Na actualidade, a Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela conta cunha matrícula de 420 alumnos e alumnas a partir dos 3 anos; 18 profesores e profesoras que imparten 18 especialidades instrumentais, entre as que citamos: 31 alumnos de violín, 34 alumnos de piano, 21 alumnos de clarinete, 19 alumnos de percusión ou 13 de saxofón, por citar algúns dos instrumentos de maior demanda. Así mesmo, conta con agrupacións como a Orquestra, a Banda e os Coros de adultos e de nenos e nenas. Neste novo curso escolar, do que levamos transcorridos só tres meses escasos, estamos empeñados o claustro de profesorado da EMM e o Departamento de Educación e Cidadanía do concello de Santiago, en ofrecerlle ao alumnado e ás familias que confían nesta institución musical para a educación musical dos seus fillos e filas - e doutros grupos de idade matriculados-, todo tipo de oportunidades para promover a interpretación de música en vivo, realizando o maior número de concertos posibles das diferentes agrupacións musicais que integran a EMM, procurando buscar o acordo e a complicidade de diferentes colectivos de Santiago.

A estas alturas do curso, xa temos participado en actos institucionais de relevancia para a vida cultural de Compostela (participación no Día Internacional da Cidade Educadora), e pechado acordos de participación coa USC (Convenio do IV Ciclo), coa Banda Municipal de Santiago, intercambios con outras agrupacións musicais de concellos con esta mesma vocación de educación musical, difusión da música na Rede de Escolas Infantís e outras iniciativas que irán dando cumprimento aos obxectivos da EMM. Sen esquecer a participación da EMM na campaña de sensibilización "Compostela en negro", iniciativa da concellería de Igualdade, na que todo tipo de colectivos do mundo da educación – tamén a nosa Escola- colaboramos nos obxectivos de igualdade entre mulleres e homes e na erradicación da violència de xénero. Para rematar, deixar constancia dunha sesión formativa para o profesorado e o alumnado da EMM de formación e promoción musical, a cargo do prestixioso violoncelista especialista en interpretación histórica e musicólogo, Guillermo Turina; unha liña de traballo que terá continuidade no proxecto educativo da Escola.

A práctica da música conleva no noso proxecto pedagóxico que todo o alumnado debe ter o maior número de oportunidades para interpretar e improvisar arredor da música. A comprensión e o goce da música polo alumnado da EMM debe desenvolverse por medio de actividades que xunten posibilidades de interpretar e de escoitar a arte da música.

Convidámosvos a participar nesta nova edición do FESTIVAL DE NADAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO.

Programa do Festival de Nadal da EMM 2016

Orquestra de Corda:

Dany Boy - (trad. irlandesa)
Allegro do Concerto en Sol - (A. Vivaldi)
Polca Eslovaca - (A. Shchukin)
As follas que caen - (M. Krasev)

Coro infantil e agrupación de guitarra, frauta e percusión

Das Klinget (Mozart)

Bandiña

Xogo de tronos - Ramin Djawadi

Pocahontas - E. mestre

Mary Popins - Robert Sherman

Coro infantil e Banda:

Neste Nadal - Rosana (traducción Olaia Novo)

"Escala SI-DO" (Ferrer Ferrán)

Para a asistencia ao Festival, é necesario a retirada da correspondente entrada previa petición na Escola Municipal de Música, ata completar a capacidade disponible.

2.- AUDICIÓNS TRIMESTRAIS

O alumnado actual da EMM realiza nestas datas as primeiras audicións do curso 2016-17 onde mostran o traballo desenvolvido durante este primeiro trimestre.

Martes 13 de decembro: Audición do Seminario de Música tradicional

Xoves 15 de decembro: Audicións de instrumentos de vento e piano.

Venres 16 de decembro: Audicións de corda friccionada

Luns 19 de decembro: Audicións de Vento e do alumnado adulto.

Martes 20 de decembro: Audicións de acordeón, guitarra, baixo e guitarra eléctrica

3.- CONCERTO DIDÁCTICO NO MARCO DO CONVENIO ENTRE O DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E O IV CICLO

MARTES 20 DE DECEMBRO ÁS 19 HORAS NO SALÓN DE ACTOS DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN (CAMPUS NORTE)

No marco do Convenio entre o Departamento de Educación e Cidadanía e o IV CICLO DA USC, o **martes 20 de decembro 2016 ás 19 horas** celebrarase un concerto no que participarán a **Bandiña** e a Banda da EMM no Salón de actos da Facultade de Ciencias da Educación (Campus Norte)

PROGRAMA DO CONCERTO

Bandiña

Director: Fernando Rey Iglesias

Submarino Amarelo, Jacob de Haan.

Xogo de Tronos, Ramin Djawadi.

Pocahotas, E.Mestre.

Mary Popins, Robert Sherman.

Banda

Director: Óscar Fernández Guzmán

Alpine Fanfare, F. Cesarini.

A Medieval Suite, André Waigne.

1- Parade of the Knights .

2- Air of the Maidens

3- Dance of the Peasants

Academia Pageant, David Shaffer

Heijamano, Bert Apermont

En Navidad, Rosana

4.- SESIÓNS DIDÁCTICAS: “QUEN É QUEN: OS INSTRUMENTOS QUE HABITAN NA EMM”

O Departamento de Educación do Concello de Santiago, a través da Escola Municipal de Música, pon en marcha por sétimo ano consecutivo un novo ciclo de sesións didácticas co obxectivo de promover o achegamento da música aos mais pequenos na rede de centros educativos de Compostela.

Este ciclo, denominado “*Quen é quen: os instrumentos que habitan na EMM*”, está destinado ao **alumnado do primeiro ciclo de educación primaria**.

SESIÓN DIDÁCTICA:

- Datás dispoñibles: 25 e 27 de abril, 2, 4, 9, 11, 16 e 18 de maio
- Duración: sesións de 50 minutos
- Máximo participantes: 1 grupo/aula
- Horario das sesións: 10:00 e 12:00 horas

A sesión consistirá na visita de dous músicos á súa aula onde se traballarán os seguintes aspectos:

- 1) Sesión explicativa sobre a orixe e evolución dos instrumentos elixidos.
- 2) Xogos arredor do instrumento
- 3) Un pequeno concerto para finalizar a sesión

CARACTERÍSTICAS DA PROPOSTA

Organízanse 7 dúos de instrumentos.

Para os días 25 de abril, 2, 9 e 16 de maio:

- Clarinete e saxofón
- Contrabaixo e fruta traveseira
- Violín/viola e piano (Necesita que o centro educativo conte cun piano ou cun teclado de polo menos 5 oitavas)
- Trombón e trompeta
- Acordeón e guitarra

Para os días 27 de abril, 4, 11 e 18 de maio:

- Clarinete e violoncello
- Guitarra eléctrica e percusión

Adxudicarase unha sesión didáctica de aproximadamente 50 minutos de duración por aula na que se traballarán distintos aspectos dos instrumentos elixidos.

5.- CURSO DE CÁMARA

Ao igual que en cursos anteriores, estase traballando nunha nova proposta para levar a cabo un Curso de Cámara destinado a distintas especialidades instrumentais. O Desenvolvemento do mesmo está previsto para dar comezo na semana do 6 de febreiro ata o 26 de maio de 2017.

Máis información:

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 981 528701 info@esmucompostela.es www.esmucompostela.es

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 981 554 400 dptoeducacion@santiagodecompostela.org www.santiagodecompostela.org